

Resolución da Secretaría Xeral de Cultura pola que se designan as persoas membros do xurado para a concesión do IV Premio CGAC de investigación e ensaio en arte contemporánea.

Por orde do 20 de maio de 2021 (DOG núm. 104 do 4 de xuño) convócase o IV Premio CGAC de investigación e ensaio sobre arte contemporánea así como as bases que regulan a súa concesión.

No artigo 12 da orde da convocatoria establécese a composición do xurado encargado de realizar a valoración do premio.

En virtude do anteriormente exposto e de conformidade co disposto no artigo 12.2 da Orde da convocatoria,

Resolvo:

Primeiro: Designar como membros do xurado encargado de realizar a valoración para a concesión do IV premio CGAC de investigación e ensaio en arte contemporánea ás seguintes persoas:

- Presidente: Santiago Olmo García, director do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC).
- Vogais:
 - Silvia García González, profesora da Facultade de Belas Artes de Pontevedra da Universidade de Vigo.
 - Federico Antonio López Silvestre, profesor da Facultade de Historia da Universidade de Santiago de Compostela.
 - Ángel Calvo Ulloa, crítico e comisario independente.
- Secretaria: Elena Expósito García, coordinadora do departamento de publicacións do CGAC.

Segundo: Publicar esta resolución na páxina web do CGAC (<http://cgac.xunta.gal/>).

Santiago de Compostela,

O secretario xeral de Cultura

